



**Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa**  
**REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA**

**MD85PRO01**

**Programación**

Modelo. Programación. MD85PRO01. 01/09/2017. 1





# PROGRAMACIÓN OFICIAL LOE

## PIANO

### CURSO 2018/19

### GRAO PROFESIONAL

(segundo os Decretos 198/2007 e 203/2007  
publicados no DOGA)

---

## DEPARTAMENTO DE PIANO DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA MANUEL QUIROGA





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CMUS Profesional Manuel Quiroga  
Avenida JUAN CARLOS I 4 Pontevedra  
CP 36004 Pontevedra  
Tfno. 886151545, Fax 886151552  
cmus.pontevedra@edu.xunta.es



**UNIÓN EUROPEA**  
Fondo Social Europeo  
*O FSE inviste no teu futuro*



## Índice

---

<b>1. Introducción.....</b>	<b>3</b>
<b>2. Metodoloxía.....</b>	<b>7</b>
<b>3. Atención á diversidade.....</b>	<b>8</b>
<b>4. Temas transversais.....</b>	<b>11</b>
4.1.....	Educación en valores 11
4.2.....	Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s) 12
<b>5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....</b>	<b>13</b>
<b>6. Secuenciación do curso.....</b>	<b>13</b>
6.1	Curso: 1º GRAO ELEMENTAL 13
6.2.....	Curso: 2º GRAO ELEMENTAL 20
6.3.....	Curso: 3º GRAO ELEMENTAL 27
6.4.....	Curso: 4º GRAO ELEMENTAL 34
6.5.....	Curso: 1º GRAO PROFESIONAL 40
6.6	Curso: 2º GRAO PROFESIONAL 49
6.7	Curso: 3º GRAO PROFESIONAL 58
6.8.....	Curso: 4º GRAO PROFESIONAL 66
6.9.....	Curso: 5º GRAO PROFESIONAL 75
6.10	Curso: 6º GRAO PROFESIONAL 84
<b>7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....</b>	<b>93</b>
<b>8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....</b>	<b>93</b>
<b>9. ANEXOS.....</b>	<b>94</b>
6.11 Probas de acceso 1º de grao profesional.....	94
6.12 Probas de acceso a outros cursos.....	96
6.13 Criterios para a obtención dos premios fin de grao.....	117





## Introdución

---

O ensino dunha disciplina instrumental é unha tarefa longa e complexa que incide en aspectos moi diversos que recollen desde o mero desenvolvemento das capacidades técnicas ou mecánicas ou a adquisición de coñecementos conceptuais e musicais ata a conformación da propia personalidade do alumno como artista e como músico. A elaboración dunha programación de Piano axeitada ao marco educativo que establece a LOE debe estar considerada de modo que permita unha aprendizaxe e unha asimilación progresiva e consciente de todos estes factores que interveñen no estudo da interpretación instrumental.

A diversidade do alumnado e as súas capacidades individuais e particulares non poden ser recollidas nunha única programación como é esta. A nosa única pretensión neste caso é simplemente amosar un camiño xeral que terá que ser adaptado en función de cada alumno: afondando e insistindo no traballo daqueles aspectos máis necesarios e potenciando as calidades innatas ou aquelas para as que amosen maior facilidade.

Hai que sinalar que, se ben na programación de cada curso sempre se fai referencia a un grupo de novos contidos, non podemos esquecer que no ensino do Piano, como noutras prácticas instrumentais, é necesario persistir e mellorar en moitos outros contidos xa traballados con anterioridade. Iso significa que cando se fala dun contido ou obxectivo en determinado curso debe considerarse que será asimilado nese nivel, pero non que non se poda ou non se volva a traballar en cursos posteriores.

Tamén queremos subliñar que, nesta proposta de ensino, o verdadeiramente importante é acadar os obxectivos gradualmente propostos e a formación, non tanto dun virtuoso, senón dun verdadeiro músico: con criterios, sensibilidade e personalidade artística propia. Por iso o repertorio que se indica ou calquera outro que poida ser traballado non debe constituír un fin en si mesmo senón un simple medio para acadar realmente os logros propostos.

### CONTEXTUALIZACIÓN

Esta programación está considerada dentro do actual marco legal proposto pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, e a posterior concreción para o ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, nos Decretos 198/2007 e 203/2007, do 27 de setembro, que regulan o currículo para as ensinanzas de Grao Elemental e Grao Profesional e o acceso aos devanditos cursos das especialidades de música e artes escénicas.





## Obxectivos das ensinanzas

---

### Obxectivos xerais do grao elemental

O grao elemental dos ensinos de música contribuirá a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- a) Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e media de expresión cultural dos pobos e das persoas.
- b) Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar a música de diferentes épocas e estilos, gozar con ela e enriquecer as propias posibilidades de comunicación e de realización persoal.
- c) Coñecer e valorar a importancia da respiración e do dominio do propio corpo no desenvolvemento da técnica instrumental, da calidade do son e da interpretación.
- d) Relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento da especialidade, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística.
- e) Interpretar en público, coa necesaria seguridade en si mesmo, para vivir a música como medio de comunicación.
- f) Interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos, e adaptarse armónicamente ao conxunto.
- g) Ser consciente da importancia do traballo individual e adquirir a capacidade de escoitarse e ser crítico consigo mesmo.
- h) Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.
- i) Ser consciente da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- j) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

### Obxectivos xerais do grao profesional

- I. As ensinanzas profesionais de música teñen como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades xerais e os valores cívicos propios do sistema educativo e, ademais, as capacidades seguintes:
  - a. Habituarse a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.





- b. Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- c. Analizar e valorar a calidade da música.
- d. Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.
- e. Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.
- f. Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- g. Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
- h. Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- i. Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

II. Nas ensinanzas profesionais de música teranse en conta as especificacións que se establecen na Lei galega 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, e especialmente no seu artigo 9.1º, así como as prescricións do artigo 24 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes como garantía dunha educación acorde co principio de igualdade.

## Obxectivos específicos

### Grao elemental

O ensino de piano no grao elemental terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- a) Adoptar unha posición idónea do corpo con respecto ao instrumento que posibilite e favoreza a acción do conxunto brazo-antebrazo-mano sobre o teclado.
- b) Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento, e sabelas empregar dentro das esixencias do nivel.
- c) Coñecer as épocas que abarca a literatura pianística ao longo da súa historia e as esixencias que suscita unha interpretación estilísticamente correcta.
- d) Mostrar un grao de desenvolvemento técnico que permita abordar, dentro das esixencias do nivel, os estilos de escritura posibles nun instrumento da capacidade polifónica do piano.





e) Interpretar un repertorio de obras representativas das épocas e os estilos dunha dificultade adecuada ao nivel.

## Grao profesional

Os ensinos de piano dos estudos profesionais de música terán como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

a) Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.

b) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.

c) Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.

d) Practicar a música de conxunto, integrándose en formacións camerísticas de diversa configuración e desempeñando papeis de solista con orquestra en obras de dificultade media, desenvolvendo así o sentido da interdependencia dos respectivos labores.

e) Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar en por si os diversos problemas de execución que poidan presentarse relativos á digitación, pedalización, fraseo, dinámica.

f) Dominar no seu conxunto a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento, así como alcanzar e demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.

g) Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas de diferentes épocas e estilos de dificultade adecuada a este nivel.

## Metodoloxía

---

É importante que todo o que o alumno practique no piano posúa unha indiscutible calidade. Trátase de traballar ordenadamente, gradualmente, procurando non saltar dificultades, comprendendo, explicando, establecendo relacións e integrando todos os coñecementos.

A metodoloxía a empregar basearase en clases dinámicas e participativas nas que o alumno se sinta implicado e parte fundamental do proceso educativo. Procurarase empregar actividades variadas e fundamentalmente lúdicas co obxecto de que o alumno estea motivado e goce da aprendizaxe musical.

Os principios metodolóxicos máis relevantes a partir dos cales desenvolveremos a nosa labor docente son:







- Partir dos coñecementos previos do alumno para asegurar a significatividade das aprendizaxes.
- Gradualidade das aprendizaxes.
- Favorecer a motivación do alumno.
- Estimular a creatividade.
- Desenvolvemento do ouvido musical a través da interpretación no piano.
- Conectar os elementos da técnica coa expresión.

### **Estratexias metodolóxicas**

Posto que non existe un modelo didáctico universal aplicable a todos os profesores e atendendo a flexibilidade dos contidos a tratar e a diversidade dos alumnos, procurárase que o deseño de estratexias metodolóxicas sexa adaptable ao contexto do alumno e ás necesidades puntuais do proceso de ensino-aprendizaxe.

Combináranse o método DIDÁCTICO para a exposición de conceptos e o método DIALÉCTICO para fomentar a participación do alumno no seu proceso de ensino-aprendizaxe, así como fomentar o desenvolvemento do espírito crítico e autónomo.

### **Organización do espazo temporal**

As clases serán de carácter individual, de unha hora semanal continua ou repartida en dúas medias horas. Ademais, sería desexable contar cunha hora semanal de clase colectiva. En cada sesión lectiva haberá un tempo para a explicación do novo material a traballar, a escoita da tarefa realizada polo alumno desde a anterior sesión e a transmisión de novas directrices para corrixir, profundar, mellorar ou introducir novos aspectos no repertorio e os exercicios correspondentes. Puntualmente os alumnos poderán intercambiarse entre profesores.

Para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, os recursos materiais adaptaranse ás súas necesidades. Por exemplo, no caso de alumnado invidente, proporcionaráselle partituras en braille.

### **Materiais e recursos**

#### **Material para o alumnado**

- Obras e estudos apropiados e axustados aos contidos e obxectivos propostos en cada curso.
- Bibliografía específica e relacionada cos temas traballados.
- Papel pautado.
- Caderno para tomar apuntamentos.
- Reprodutor-gravador ou similar.





- Sería desexable contar con material audiovisual a disposición do alumnado na fonoteca do centro.

### **Material para o profesorado**

- Un piano cunha banquetta regulable en altura. Sería conveniente contar cunha segunda banquetta para as obras a catro mans.
- Un encerado pautado.
- Diario ou caderno de control do alumnado onde queden reflectidos os diferentes datos e características de cada alumno, o repertorio traballado en cada momento, os exercicios propostos e as actividades de ensino-aprendizaxe, a progresión na materia, a avaliación de cada un dos obxectivos propostos en cada unidade didáctica, a labor tutorial...
- Repertorio pianístico e bibliografía.
- Un metrónomo.
- Así mesmo, sería necesario e moi importante contar tamén co seguinte material:
  - Un equipo de alta fidelidade con reprodutor de CD.
  - Televisión e vídeo.
  - Un espello para o traballo corporal e os exercicios de relaxación.

## **Atención á diversidade**

---

Considerase alumnado con necesidade específica de apoio educativo, aquel que, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, polas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ó sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar, require unha atención educativa diferente á ordinaria para que poda alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

Alumnado que presenta necesidades educativas especiais (ANEE)

Entendese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais o que requira, por un período da súa escolarización ou ó longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas da discapacidade ou trastornos graves de conduta. Considérase ANEE cando amosa as seguintes características:

- a) Alumnos con dificultades de comunicación e linguaxe.





- b) Alumnado con discapacidade intelectual.
- c) Alumnado con hiperactividade e/ou déficit de atención.
- d) Alumnado con autismo.
- e) Alumnado con síndrome de DOWN.
- f) Alumnos con minusvalías físicas: adaptarse o espazo na aula e facilitarase o acceso á mesma.

#### Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe

Considérase que unha alumna ou un alumno presenta dificultades específicas de aprendizaxe cando o seu rendemento en relación á adquisición e uso dunha ou varias das capacidades de comprensión e expresión oral, lectura, escritura, razoamento e cálculo matemático é significativamente discrepante co seu potencial de aprendizaxe.

Conceptualmente, desde un punto de vista amplo, os trastornos da aprendizaxe (TA) defínense en base a un rendemento escolar por debaixo do esperado nas capacidades para a lectura, o cálculo e/ou a expresión escrita, tendo en conta a idade cronolóxica do alumnado, a súa escolarización e o seu nivel intelectual, que interfere negativamente no desenvolvemento do Proceso curricular e/ou nas actividades cotiás que requiren a adquisición das anteditas destrezas.

A resposta educativa axeitada aos TA vai consistir, pois, en detectar cales son as axudas que necesitan os estudantes para progresaren na súa aprendizaxe e empregar estas axudas en prol das necesidades inicialmente avaliadas.

#### Alumnado con altas capacidades intelectuais

Unha alumna ou un alumno presenta altas capacidades intelectuais cando manexa e relaciona, de maneira simultánea e eficaz, nun nivel sensiblemente superior á media, recursos cognitivos verbais, numéricos, lóxicos, memorísticos, espaciais e creativos.

Considérase alumnado con sobredotación intelectual cando amosa as seguintes características: unha capacidade intelectual moi superior á esperada para a súa idade, unha alta creatividade e un alto grao de motivación e perseveranza.

Así, das persoas talentosas afírmase que mostran habilidades excepcionais en áreas moi concretas, polo que se caracterizan pola súa competencia específica.

Das persoas precoces destacan as aprendizaxes temperás, xa que manifestan unha competencia específica prematura, das que dicimos que son un prodixio, sinalamos que conseguen produtos inimaxinables e destacados para a súa idade.

Na elaboración das adaptacións curriculares individuais de alumnado con sobredotación, o máis frecuente é o uso de dous tipos de estratexias:





As adaptacións curriculares de ampliación ou enriquecemento vertical: consisten en aumentar a cantidade de contidos por aprender nunha ou varias áreas.

A ampliación curricular de enriquecemento horizontal: o aumento cuantitativo de contidos queda nun segundo lugar, mentres que prevalece a súa profundidade e a realización de interconexións entre os contidos que se aprenden.

#### Alumnado de incorporación tardía (procedente do estranxeiro)

A chegada de poboación de orixe estranxeira á nosa Comunidade Autónoma, así como o retorno de emigrantes galegos e das súas familias, está a incidir notablemente na evolución da diversidade na nosa poboación escolar, de xeito que proporcionar unha resposta educativa a este alumnado convértese nunha liña prioritaria de actuación.

Adoptaranse cantas medidas se consideren necesarias para proporcionar a debida atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro que presente todas ou algunha das seguintes circunstancias: descoñecemento das dúas linguas oficiais de Galicia, desfase curricular significativo, graves dificultades de adaptación. Estas medidas poderán ser tanto de tipo curricular como organizativo, irán dirixidas a todo o alumnado que conte cunha idade comprendida entre os tres anos e o límite da escolarización obrigatoria.

Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo por condicións persoais ou de historia escolar

Un alumno ou alumna pode presentar necesidade específica de apoio educativo derivada de condicións persoais ou de historia escolar cando manifesta dificultades na evolución das súas aprendizaxes e na adquisición de obxectivos e competencias por motivos de saúde, por pertenza a determinados grupos sociais ou minorías étnicas, por situacións socioculturais desfavorables, por escolarización desaxustada ou pola combinación de varios dos motivos mencionados.

Entre este alumnado inclúese aquel que presenta un retraso escolar significativo nunha ou en varias áreas ou materias, cun desfase curricular xeral de dous ou máis cursos ou niveis, e este non poida explicarse por necesidades educativas especiais, nin por dificultades específicas de aprendizaxe, nin por incorporación tardía ao sistema educativo. Entre este alumnado podemos considerar:

- a) Alumnado en situación de absentismo, abandono escolar temperán e/ou desescolarización.
- b) Alumnado que precisa atención educativa hospitalaria e domiciliaria.
- c) Alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal.
- d) Alumnado sometido a medidas de protección e tutela.
- e) Alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar.
- f) Alumnado pertencente a familias itinerantes.
- g) Atención educativa a xoves embarazadas





## Temas transversais

---

### 1.1 Educación en valores

A música, no dobre aspecto de ciencia e arte, contribúe ó desenvolvemento no plano intelectual á vez que no plano emocional/afectivo coma xeito de expresión persoal e interrelación cos demais. Por todo elo posúe un gran potencial no desenrolo do equilibrio persoal e na formación de hábitos de escoita, tolerancia e respecto hacia os demais e hacia o entorno. Neste sentido, a lei educativa actual plantexa a educación en valores, dende todas as actividades do centro, partindo do plantexamento dos contidos ou eixos transversais que, sin adxudicarse a ningunha disciplina, é necesario que estean presentes no currículo para alcanzar aa formación integral da persoa. Estas cualidades intrínsecas da práctica e do coñecemento da música concrétanse do seguinte modo nos eixos transversais do currículo:

- a) EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA E EDUCACIÓN PARA A PAZ: aceptación e recoñecemento dos demais a través do fomento das actividades grupais e mellora do coñecemento de outras culturas a través da súa música.
- b) A EDUCACIÓN PARA A SAÚDE: a práctica da música contribúe ó establecemento de hábitos de hixiene física e mental, xa que fomenta un desenvolvemento persoal equilibrado, a creación de novas vías de comunicación e a tendencia a perseguir a consecución dun ámbito que contribúa ao benestar. O primeiro aspecto cóidase de xeito específico nos contidos que fan referencia á educación da voz e corrección postural requirida tanto no canto coma no movemento e a danza. De xeito global, a música contribúe tamén ao equilibrio persoal na medida que se fomenta a comunicación e se canaliza o desenvolvemento da expresividade, afondando no propio coñecemento e aceptación.
- c) A IGUALDADE ENTRE AMBOS OS DOUS SEXOS: no mundo musical evidéncianse ás veces actitudes estereotipadas acerca dos roles masculino e feminino, orixinadas na marxinação histórica -e obsoleta- da muller nos campos que supoñen unha proxección social. Os materiais deste Proxecto non dan cabida a ningún tipo de discriminación relacionada co sexo, nin na elección ou atribución dun instrumento para realizar unha interpretación, nin na distribución de tarefas de cara a crear unha coreografía, nin na composición e improvisación.
- d) EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR: o mercado relacionado co consumo da música move un considerable volume económico, sendo o alumnado desta etapa un gran consumidor de produtos musicais. Polo tanto, é importante que adquira criterios de optatividade e de calidade que lle permita consumir de forma libre e razoada. Os materiais presentan un abano amplo de estilos musicais, asociados todos eles a unhas actividades que axudan ao alumnado a descubrilos e aprecialos.





- e) **EDUCACIÓN AMBIENTAL:** é necesario concienciar o alumnado fronte á presenza indiscriminada e abusiva -a miúdo inútil e ademais, agresiva- do son no ámbito, fomentando a formación dunha actitude consciente e crítica

## 1.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

A competencia do tratamento da información e competencia dixital consiste en dispoñer de habilidades para buscar, procesar e comunicar información e aprender a transformala en coñecemento. Para desenvolver esta competencia os alumnos utilizarán as TIC nos procesos de aprendizaxe. Todas as actividades musicais pódense traballar nesta contorna.

Ditas (TIC) constitúen un dos eixos centrais da moderna sociedade da información e do coñecemento, cuxo alcance se estende a todas as parcelas da actividade humana, entre elas, a que configuran as disciplinas artísticas. Neste sentido, o carácter especializado dos estudos musicais nas súas diferentes vertentes instrumentais ou vogal pode e debe complementarse coa adecuada formación dos instrumentistas ou cantantes no campo das TIC, como elemento indispensable da formación e do exercicio profesional do futuro músico. Neste contexto, a música incorporouse progresivamente ao acelerado proceso de innovacións científicas e tecnolóxicas que propiciaron a aparición de materias ou especialidades que teñen por obxecto tanto a adquisición dunha linguaxe comprensivo e unitario de todos os aspectos relacionados coas novas tecnoloxías, como a súa utilización e aplicación musicais. Para achegar aos estudantes a un primeiro contacto coa informática musical, parece necesario introducir os elementos básicos e a toma de contacto directo con esta disciplina de tanta aplicación e importancia na formación complementaria actual e futura de todo músico. Desta forma, amplíase e complementa o proceso formativo no que tanto esta materia como o resto (incluídas as optativas) contribúen notablemente a consolidar as bases e a orientación cara a posibles estudos posteriores ou ben cara ao exercicio profesional. Para este tipo de estudos requírese un equipamento informático completo, que contemple os recursos de hardware e software adecuados, así como os elementos accesorios e periféricos adecuados.

A web do centro constitúe un punto de referencia centralizada onde se aloxa aquela información de utilidade para toda a comunidade escolar, ademais de desempeñar certo labor de promoción do centro e das actividades que se organizan (reforzándose neste caso coas redes sociais coma Facebook e Twitter, Whatsapp...).

De vital importancia é a utilización da plataforma informática de xestión dos conservatorios CENTROS NET. Preténdese ir potenciando o uso da área do profesorado, así como da área do alumnado, onde estará dispoñible a programación didáctica e diferentes materiais relacionados coa materia: exercicios, contidos teóricos, enlaces a diferentes webs de recursos específicos, youtube, etc.





## Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

---

O Departamento de Piano organizará Audicións da materia de piano.

Os alumnos deberán participar, alomenos, nunha delas como mostra do traballo realizado na clase.

O profesor poderá coordinar actividades con outros Departamentos ou formacións musicais do centro.

Actividades extraescolares

Estarán relacionadas con aspectos propios das ensinanzas de música: cursos especializados, asistencia a concertos ou ensaios de agrupacións de música, visita a museos ou similares, concertos fóra do centro, etc.

Para este tipo de actividades informarase previamente aos responsables legais dos alumnos para o seu coñecemento.

Nestas actividades se resaltarán ademais os valores de respecto e convivencia.

## Secuenciación do curso

---

### 1.3 Curso: 1º GRAO ELEMENTAL

#### 1.3.1 Obxectivos

- Que o alumno faga música sen previo coñecemento da escritura musical.
- Contribuír a despertar a sensibilidade e creatividade musical do alumno.
- Coñecer as particularidades xerais do instrumento: a situación das notas no teclado, as diferentes alturas dos sons, os pedais, o mecanismo fundamental de produción de son, etc.
- Coñecer a numeración dos dedos da man e a correcta posición desta sobre o teclado.
- Coñecer e asimilar a correcta posición do corpo na execución pianística.
- Facer consciente ao alumno da súa percepción de tensión-relaxación e do seu propio ritmo interno.
- Iniciar ao alumno en técnicas de estudo axeitadas.





- Introducir ao alumno na práctica das articulacións, os diferentes tipos de toque e a gradación da intensidade do son.
- Adquirir un grao de destreza que lle permita interpretar pequenas melodías populares e fragmentos moi sinxelos con sentido musical.
- Iniciar ao alumno na práctica da memorización de fragmentos sinxelos.

### 1.3.2 Contidos

- Xogos de lectura dixital para tocar sen notación musical fragmentos populares.
- Xogos melódicos de pregunta-resposta.
- Mecanismo de produción de son, sistema de propulsión dos macillos, número e disposición das cordas, funcionamento e efecto dos pedais.
- Exercicios de localización das notas en diversas alturas ao longo do teclado.
- Xogos de numeración dos dedos das dúas mans para familiarizarse coa dicitación pianística.
- Práctica da caída libre e do peso do brazo, antebrazo e man, conxunta e separadamente, e exercicios de tensión–relaxación con diferentes partes do corpo.
- Práctica da técnica dixital con pequenos exercicios que desenvolvan a mobilidade, independencia e resistencia dos dedos (notas mantidas, progresións diatónicas con dous, tres e cinco dedos, etc.).
- Práctica da percepción auditiva para a obtención dunha boa calidade de son.
- Produción de sons conectados melodicamente.
- Ligado e picado coas dúas mans e combinación dos dous tipos de toque en frases curtas.
- Pedal de prolongación a tempo.
- Paso do polgar nunha oitava.
- Exercicios de dinámica iniciando ao alumno na obtención simultánea de sons de distinta intensidade coas dúas mans.
- Exercicios para o desenvolvemento da memorización de maneira progresiva.

### 1.3.3 Avaliación







### Criterios de avaliación

- Mostrar a capacidade de producir diferentes tipos de articulacións e dinámicas que enriquezan a interpretación.
- Mostrar un emprego do pedal de prolongación acorde ao nivel.
- Interpretar o repertorio cunha aplicación axeitada dos aspectos mecánicos, técnicos e musicais, con fluidez, pulso estable e precisión rítmica.
- Mostrar un grao axeitado de dominio da interpretación de memoria.
- Mostrar un dominio axeitado da interpretación en público.
- Mostrar unha capacidade mecánica e técnica acorde ao nivel.
- Amosar a capacidade de producir sons conectados melodicamente.
- Observar unha execución relaxada e unha completa asimilación da posición corporal con respecto ao instrumento.
- Mostrar unha comprensión musical global e unha correcta diferenciación estilística no repertorio.

### Mínimos esixibles

Todos os contidos reflectidos a continuación deberán ser superados polos alumnos para obter unha cualificación de 5 nas avaliacións.

- Interpretación de memoria dun 25% do repertorio.
- Autocrítica a través da escoita.
- Dominio dos diferentes aspectos técnicos do nivel.
- Participación nunha audición tocando cando menos unha obra.
- Realización de polo menos un volume dalgún método pianístico ou conxunto de obras de similar dificultade correspondente a este curso.
- Cumprimento da temporización e secuenciación sinaladas polo profesor.





## Procedementos e ferramentas de avaliación

### FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Avaliación continuada a través do seguimento semanal e a observación atenta de cada alumno e da súa evolución respecto aos obxectivos marcados en cada sesión lectiva, que serán anotados axeitadamente no diario de clase, debendo cumprir ao remate do curso cos requisitos mínimos e o programa especificado nos criterios de avaliación.
- A través da observación, gravación, etc. de actuacións en audicións ou concertos de carácter público nos que se amose parte do traballo desenvolvido.
- Gravación en audio ou vídeo do repertorio traballado polos alumnos, cunha posterior análise e posta en común cos compañeiros de clase dos principais aspectos musicais e técnicos.
- A autoavaliación dos alumnos.
- Análise das producións e traballos escritos feitos polo alumnado.

### PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

#### I. AVALIACIÓN INICIAL

Ten como misión detectar o punto no que se atopa o alumno, tanto nos aspectos pianísticos como nos non estritamente pianísticos, como a predisposición, o interese, a capacidade de lectura, as capacidades físicas, o nivel cultural, etc., a través das seguintes actividades:

- Entrevista persoal.
- Enquisas de opinión.
- Reunión cos pais.
- Observación da resposta ás actividades de ensino-aprendizaxe propostas nas primeiras clases e ao inicio de cada unidade a traballar, o que debe indicar non só como afronta o alumno os estudos de Piano, senón a adecuación do proceso de ensino a súa circunstancia particular.

#### II. AVALIACIÓN FORMATIVA

É a que determina como se vai desenvolvendo o proceso de aprendizaxe, co fin de proporcionar unha información útil para adaptar as actividades propostas ás necesidades concretas de cada alumno. Todas as actividades de ensino-aprendizaxe que se propoñan son, polo tanto, actividades de avaliación formativa e deben ter un control detallado que amose a información precisa sobre o rendemento do





alumno, permitindo a axuda pedagóxica axeitada en cada momento para que o alumno aprenda máis e mellor.

### III. AVALIACIÓN SUMATIVA

É a que ten lugar ao remate de cada unidade, bloque de contidos, curso ou trimestre e que consiste en avaliar os resultados obtidos na aprendizaxe para verificar que se alcanzaron os obxectivos propostos.

#### Criterios de cualificación

Criterios de avaliación homoxeneizados					
Traballo persoal		Actitude		Audicións – Grao de consecución do repertorio	
Semanal de aula	Probas técnicas ou exames de aula	Actitude de aprendizaxe/ Hábitos de estudo	Comportamento/ Asistencia Puntualidade	Publicas	De aula
70%		10%		20%	
Rexistros					
Libro do profesor	Táboa ou lista de cotexo	Libro do Profesor		Táboa ou lista de cotexo	





<i>Táboa ou listaxe de cotexo homoxeneizado para probas e audicións trimestrais</i>			
<p>Fidelidade ao texto, respecto polas indicacións da partitura, notas, valores, indicacións básicas de dinámica e articulación. “Tocar as tres obras de arriba abaixo”.</p> <p>-3,5 puntos</p>			
<p>Fluidez, Tempo, respiracións, encadeamento entre movementos e capacidade para manter un pulso estable e interpretar con precisión rítmica.</p> <p>- 1,5 puntos</p>			
<p>/(A)</p> <p>Capacidade expresiva para aportar variedade á interpretación. Variedade de articulación, planos sonoros, carácter e agónica. Capacidade para realizar indicacións do texto, diferencias de articulación (ligado/non ligado, distintos tipos de ataque, picado, etc.) así como de facelo con independencia entre ambas as mans (planos sonoros, ser capaz de apoiar máis unha man que a outra, melodía acompañada ou articulacións diferentes en cada man). Todo aquilo que resta monotonía á interpretación e lle confire variedade, carácter ou expresión, aínda sendo correcta en notas e tempo. Musicalidade.</p> <p>-Ata 3 puntos</p>			
<p>/(B)</p> <p>Capacidade expresiva para aportar variedade á interpretación. Variedade de articulación, planos sonoros, carácter e agónica. Capacidade para realizar indicacións do texto, diferencias de articulación (ligado/non ligado, distintos tipos de ataque, picado, etc) así como de facelo con independencia entre ambas as mans (planos sonoros, ser capaz de apoiar máis unha man que a outra, melodía acompañada ou articulacións diferentes en cada man). Todo aquilo que resta monotonía á interpretación e lle confire variedade, carácter ou expresión, aínda sendo correcta en notas e tempo. Musicalidade.</p> <p>-Ata 2,5 puntos</p> <p>Pedal 0/0,25/0,5: Naquelas obras nas que o tribunal considere necesario o uso do pedal.</p>			





Memoria. 0/ 0,5/ 1 punto			
Idoneidade do repertorio, abanico de problemáticas abordadas, dificultade. 0/ 0,5/ 1 punto			

#### Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

- Superar con ampla solvencia os obxectivos e contidos do curso anterior
- Mostrar a posibilidade de superar con garantías os obxectivos e contidos do curso para ampliar

### 1.3.4 Medidas de recuperación

#### Procedementos de recuperación ordinarios

#### PERDA DO DEREITO Á AVALIACIÓN CONTINUA

No regulamento de réxime interno do centro está contemplado que o alumnado con un número de faltas trimestrais e mensuais determinado perderá o seu dereito á avaliación continua, tendo dereito neste caso o alumno a unha proba alternativa fixada polo seu profesor.

#### Probas extraordinarias de setembro

Os alumnos que non superen as materias en xuño poderán realizar unha proba de avaliación en setembro, cos contidos e criterios que, baseados na programación, determine en cada caso o seu profesor.





### 1.3.5 Recursos didácticos

#### 1º DE GRAO ELEMENTAL

BARTÓK: Mikrokosmos I; Para nenos, Sz. 42 (primeiros n.os).

BASTIEN: Nivel 1.

BEYER: Escola preliminar, op. 101.

BURGMÜLLER: estudos op. 100, n.os 1 e 2.

CZERNY: Primeiro mestre de Piano, op. 599.

EMONTS: Método moderno de Piano; Primeros pasos al piano.

HEMSY: métodos para Piano.

KABALEVSKI: pezas infantís op. 39, n.os 1-12.

LONG: Petite methode de Piano.

MORHANGE: Le petit clavier.

NIKOLÁIEV: Escuela rusa.

TCHOKOV-GEMIU: El piano (Iniciación, Preparatorio e 1.º).

THOMPSON: Curso moderno.

VAN DE VELDE: Método rosa.

WOHLFAHRT: O amigo dos nenos, op. 87.

## 1.4 Curso: 2º GRAO ELEMENTAL

### 1.4.1 Obxectivos

- Desenvolver a creatividade musical do alumno.
- Inculcarlle ao alumno o sentido tonal e darlle a coñecer os principios da construción musical (motivos, frases...).





- Que o alumno comece a atopar o equilibrio entre a relaxación muscular e o esforzo indispensable que esixe a execución instrumental.
- Potenciar os principios esenciais da técnica de base.
- Introducir ao alumno na técnica polifónica e a ornamentación.
- Práctica do pedal de resonancia como un recurso imprescindible na execución pianística.
- Introducción na técnica de acordes.
- Habituar ao alumno a interpretar obras de memoria e fomentar a súa participación en audicións públicas.
- Coñecer as principais épocas da literatura pianística e as súas características estilísticas.
- Ser capaz de interpretar un pequeno repertorio, co desenvolvemento técnico requirido, que abarque obras de diferentes autores e estilos.
- Inculcarlle hábitos eficaces de estudo que estimulen a concentración, a autoaudición, a autocrítica e a disciplina no traballo.
- Iniciar ao alumno na práctica da memorización de fragmentos sinxelos.

#### 1.4.2 **Contidos**

- Transposicións sinxelas de exercicios sobre os acordes traballados.
- Lectura a primeira vista en do maior no ámbito dunha oitava.
- Estrutura musical xeral de pequenas obras e fragmentos.
- Exercicios de relaxación do brazo e de transmisión do peso do mesmo aos dedos.
- Paso do polgar en escalas e arpejos maiores no ámbito de dúas oitavas.
- Exercicios de dinámica e obtención de sons de diferente intensidade.
- Contrastes dinámicos tipo melodía-acompañamento e entre ás seccións dunha obra.
- Rotación do antebrazo en sinxelos deseños.
- Movementos laterais do brazo en desprazamentos curtos.
- Exercicios de igualdade rítmica cun pulso constante e cambio de tempo nunha obra.
- Pezas polifónicas sinxelas a dúas voces.





- Pedal a tempo e pedal sincopado en pequenos fragmentos.
- Acordes perfectos maiores e as súas inversións correspondentes.
- Memorización de obras do repertorio traballado.
- Estudo e interpretación de obras sinxelas do clasicismo, romanticismo e século XX.
- Práctica da percepción auditiva para a obtención dunha boa calidade de son.
- Exercicios para o desenvolvemento da memorización de maneira progresiva.

### 1.4.3 Avaliación

#### Criterios de avaliación

- Mostrar a capacidade de producir diferentes tipos de articulacións e dinámicas que enriquezan a interpretación.
- Mostrar un emprego do pedal de prolongación acorde ao nivel.
- Interpretar o repertorio cunha aplicación axeitada dos aspectos mecánicos, técnicos e musicais, con fluidez, pulso estable e precisión rítmica.
- Mostrar un grao axeitado de dominio da interpretación de memoria.
- Mostrar un dominio axeitado da interpretación en público.
- Mostrar unha capacidade mecánica e técnica acorde ao nivel.
- Amosar a capacidade de producir sons conectados melodicamente.
- Observar unha execución relaxada e unha completa asimilación da posición corporal con respecto ao instrumento.
- Mostrar unha comprensión musical global e unha correcta diferenciación estilística no repertorio.

#### Mínimos esixibles







Todos os contidos reflectidos a continuación deberán ser superados polos alumnos para obter unha cualificación de 5 nas avaliacións.

- Interpretación de memoria dun 25% do repertorio.
- Autocrítica a través da escoita.
- Dominio dos diferentes aspectos técnicos do nivel.
- Participación nunha audición tocando cando menos unha obra.
- Realización de polo menos un volume dalgún método pianístico ou conxunto de obras de similar dificultade correspondente a este curso.
- Cumprimento da temporización e secuenciación sinaladas polo profesor.

#### Procedementos e ferramentas de avaliación

### FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Avaliación continuada a través do seguimento semanal e a observación atenta de cada alumno e da súa evolución respecto aos obxectivos marcados en cada sesión lectiva, que serán anotados axeitadamente no diario de clase, debendo cumprir ao remate do curso cos requisitos mínimos e o programa especificado nos criterios de avaliación.
- A través da observación, gravación, etc. de actuacións en audicións ou concertos de carácter público nos que se amose parte do traballo desenvolvido.
- Gravación en audio ou vídeo do repertorio traballado polos alumnos, cunha posterior análise e posta en común cos compañeiros de clase dos principais aspectos musicais e técnicos.
- A autoavaliación dos alumnos.
- Análise das producións e traballos escritos feitos polo alumnado.

### PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

#### I. AVALIACIÓN INICIAL

Ten como misión detectar o punto no que se atopa o alumno, tanto nos aspectos pianísticos como nos non estritamente pianísticos, como a predisposición, o interese, a capacidade de lectura, as capacidades físicas, o nivel cultural, etc., a través das seguintes actividades:

- Entrevista persoal.





- Enquisas de opinión.
- Reunión cos pais.
- Observación da resposta ás actividades de ensino-aprendizaxe propostas nas primeiras clases e ao inicio de cada unidade a traballar, o que debe indicar non só como afronta o alumno os estudos de Piano, senón a adecuación do proceso de ensino a súa circunstancia particular.

## II. AVALIACIÓN FORMATIVA

É a que determina como se vai desenvolvendo o proceso de aprendizaxe, co fin de proporcionar unha información útil para adaptar as actividades propostas ás necesidades concretas de cada alumno. Todas as actividades de ensino-aprendizaxe que se propoñan son, polo tanto, actividades de avaliación formativa e deben ter un control detallado que amose a información precisa sobre o rendemento do alumno, permitindo a axuda pedagóxica axeitada en cada momento para que o alumno aprenda máis e mellor.

## III. AVALIACIÓN SUMATIVA

É a que ten lugar ao remate de cada unidade, bloque de contidos, curso ou trimestre e que consiste en avaliar os resultados obtidos na aprendizaxe para verificar que se alcanzaron os obxectivos propostos.

### Criterios de cualificación

Criterios de avaliación homoxeneizados					
Traballo persoal		Actitude		Audicións – Grao de consecución do repertorio	
Semanal de aula	Probas técnicas ou exames de aula	Actitude de aprendizaxe/ Hábitos de estudo	Comportamento/ Asistencia Puntualidade	Publicas	De aula





70%		10%		20%	
Rexistros					
Libro do profesor	Táboa ou lista de cotexo	Libro do Profesor	Táboa ou lista de cotexo		

<b><i>Táboa ou listaxe de cotexo homoxeneizado para probas e audicións trimestrais</i></b>			
Fidelidade ao texto, respecto polas indicacións da partitura, notas, valores, indicacións básicas de dinámica e articulación. “Tocar as tres obras de arriba abaixo”.			
- 3,5 puntos			
Fluidez, Tempo, respiracións, encadeamento entre movementos e capacidade para manter un pulso estable e interpretar con precisión rítmica.			
- 1,5 puntos			
/(A) Capacidade expresiva para aportar variedade á interpretación. Variedade de articulación, planos sonoros, carácter e agónica. Capacidade para realizar indicacións do texto, diferencias de articulación (ligado/non ligado, distintos tipos de ataque, picado, etc.) así como de facelo con independencia entre ambas as mans (planos sonoros, ser capaz de apoiar máis unha man que a outra, melodía acompañada ou articulacións diferentes en cada man). Todo aquilo que resta monotonía á interpretación e lle confire variedade, carácter ou expresión, aínda sendo correcta en notas e tempo. Musicalidade.			
- Ata 3 puntos			





<p>/(B)</p> <p>Capacidade expresiva para aportar variedade á interpretación. Variedade de articulación, planos sonoros, carácter e agóxica. Capacidade para realizar indicacións do texto, diferencias de articulación (ligado/non ligado, distintos tipos de ataque, picado, etc) así como de facelo con independencia entre ambas as mans (planos sonoros, ser capaz de apoiar máis unha man que a outra, melodía acompañada ou articulacións diferentes en cada man). Todo aquilo que resta monotonía á interpretación e lle confire variedade, carácter ou expresión, aínda sendo correcta en notas e tempo. Musicalidade.</p> <p>-Ata 2,5 puntos</p> <p>Pedal 0/ 0,25/ 0,5: Naquelas obras nas que o tribunal considere necesario o uso do pedal.</p>			
<p>Memoria.</p> <p>0 / 0,5 / 1 punto</p>			
<p>Idoneidade do repertorio, abanico de problemáticas abordadas, dificultade.</p> <p>0 / 0'5 / 1 punto</p>			

#### Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

- Superar con ampla solvencia os obxectivos e contidos do curso anterior
- Mostrar a posibilidade de superar con garantías os obxectivos e contidos do curso para ampliar

#### 1.4.4 Medidas de recuperación

##### Procedementos de recuperación ordinarios





## PERDA DO DEREITO Á AVALIACIÓN CONTINUA

No regulamento de réxime interno do centro está contemplado que o alumnado con un número de faltas trimestrais e mensuais determinado perderá o seu dereito á avaliación continua, tendo dereito neste caso o alumno a unha proba alternativa fixada polo seu profesor.

### Probas extraordinarias de setembro

Os alumnos que non superen as materias en xuño poderán realizar unha proba de avaliación en setembro, cos contidos e criterios que, baseados na programación, determine en cada caso o seu profesor.

## 1.4.5 Recursos didácticos

### 2º DE GRAO ELEMENTAL

- BACH: Caderno de Anna Magdalena Bach.
- BARTÓK: Mikrokosmos II; Para nenos, Sz. 42.
- BEETHOVEN: sonatinas Anh. 5.
- BURGMÜLLER: estudos op. 100.
- CHARTREUX: Piano Jazz Blues, vol. 1.
- CLEMENTI: sonatinas.
- CZERNY: Primeiro mestre de Piano, op. 599.
- DIABELLI: sonatinas a catro mans.
- GARCÍA: Cuadernos de Adriana.
- HAYDN: Danzas alemás, Hob. IX: 10.
- KABALEVSKI: pezas infantís op. 39.
- LEMOINE: estudos op. 37.
- ÖSCHHORN: estudos op. 181.
- LONG: Petite methode de Piano.





MORHANGE: Le petit clavier; Le petit classique.

SCHUBERT: escocesas e valsas.

SCHUMANN: Álbum para a xuventude, op. 68.

TCHOKOV-GEMIU: El piano (1.º e 2.º).

WOHLFAHRT: O amigo dos nenos, op. 87. WOHLFAHRT: O amigo dos nenos, op. 87.

## 1.5 Curso: 3º GRAO ELEMENTAL

### 1.5.1 Obxectivos

- Potenciar a sensibilidade e a creatividade musical do alumno.
- Habituar ao alumno ao autocontrol da posición e colocación corporal respecto ao instrumento.
